

EXPEDIENTE: 20100 / 240

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Concelleria De Festas E Turismo

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015)

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "outros equipamentos da súa titularidade", ao tratarse o Parque de Castrelos de Vigo dun ben de dominio público.

RESOLVO:

1. Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de **OBRAS**, de conformidade co previsto nos art. 118, art. 131,3 e art. 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
2. Aprobar o proxecto de "reforzo da cuberta do escenario de Castrelos e monitorización da mesma" realizado polos arquitectos D. Ángel Manuel Matilla Besada e D. Leandro Nogueira Pérez, con data abril de 2018, cun orzamento de licitación de 48.395,06 euros IVE incluído, de acordo ca base 31 da Execución do Presuposto.
3. Autorizar o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **48.273,68** euros para **obras para a instalación de motores de elevación da estrutura de cuberta de Castrelos** a prol da empresa Rigging BNC SL (B62953252), de acordo co orzamento incluído no expediente, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
9330	6290010	18933010	48.273,68	INS. MOTORES ELEV. ESTRUCTURA CUBERTA CASTRELOS

4. Designar como directores facultativos da obra aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal.
6. En ningún suposto a execución desta resolución está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do artigo 118.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Consultada a Xestión de Expedientes municipal, non consta que o contratista teña subscrito máis contratos menores de obras que individual ou conxuntamente superen a cifra indicada no apartado primeiro do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

OCS/nm

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/06/2018 13:25

Páxina 1 de 1

Expediente 20100/240

CSV: 2FEE5C-A95A21-A6D35F-349SVK-7PVJUN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>